



## CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN NO REXISTRO DE FUNDACIÓNS DE INTERESE GALEGO

Pablo Crego Gil, xefe do Servizo Técnico-Xurídico da Área de Cultura – Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades,

CERTIFICO:

-Que a **Fundación Cidade da Cultura de Galicia** (CIF G15721640), figura inscrita no Rexistro de Fundacións de Interese Galego, Sección da Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades, co número **2000/1**.

- Que a fundación **foi constituída** en escritura pública outorgada en Santiago de Compostela **con data 27/12/1999** ante o notario do Ilustre Colexio de Galicia, José-Antonio Montero Pardo, co número 2825 do seu protocolo.

- Que segundo o artigo 2 dos vixentes estatutos inscritos neste Rexistro, o **domicilio** da fundación radicará no territorio da Comunidade Autónoma de Galicia, no **lugar de Monte Gaiás da Cidade de Santiago de Compostela, provincia da Coruña**.

- Que segundo o artigo 31 dos vixentes estatutos inscritos neste Rexistro, son **funcións do/a director/a xerente**:

- a) executar e facer cumprir os acordos do padroado e da Comisión de auditoría e control.
- b) O seguimento do plan estratéxico da fundación e a avaliación dos seus resultados, dando conta ao padroado.
- c) A xestión económica da fundación, nos termos e condicións atribuídas polos órganos de goberno
- d) A xestión do persoal e a dirección administrativa da fundación
- e) Todas aquelas funcións que lle sexan atribuídas de forma expresa polos órganos de goberno da fundación.

- Que así mesmo, segundo a documentación que consta neste Rexistro, con data 16 de decembro de 2016 o padroado acordou outorgar poder a favor da directora-xerente da fundación **Ana Isabel Vázquez Reboredo** (DNI 76870681N), para os seguintes actos xurídicos:

1. Administrar toda clase de bens, dereitos reais, valores, créditos e accións.
2. Outorgar toda clase de actos, negocios xurídicos e contratos, cos pactos, cláusulas e condicións que estime oportuno establecer, e en particular, actuar como órgano de contratación da Fundación, exercendo para iso todas as competencias previstas para os indicados órganos na lexislación de contratos

Consellería de Cultura, Educación, Formación Profesional e Universidades  
Secretaría Xeral Técnica  
Servizo Técnico Xurídico da Área de Cultura  
Edificio Administrativo San Caetano, s/n. - Bloque 3 – 2ª Planta  
Tlf.: 981 544 846 / 981 544 841 / Correo Electrónico: [xuridico.cultura@xunta.gal](mailto:xuridico.cultura@xunta.gal)  
15781 Santiago de Compostela (A Coruña)





do sector público, podendo, polo tanto, dispoñer o inicio de expedientes de contratación, autorizar e aprobar o gasto, aprobar os pregos de condicións, dispoñer a convocatoria de licitacións, adjudicar e formalizar os contratos correspondentes, resolver as incidencias que se formulen na súa execución e cumprimento, modificalos e extinguilos, realizar os actos de recepción e prestar a conformidade aos pagos correspondentes, e en xeral, todas as actuacións previstas para o órgano de contratación na sinalada lexislación.

Este poder, en canto actuación como órgano de contratación, terá o límite máximo na contía que en cada momento sinala a lexislación vixente para fixar os umbrais dos contratos de regulación harmonizada, no ámbito das subministracións e servizos, agás para os contratos de obras, nos que o límite estará nun millón de euros de valor estimado.

3. Abrir, seguir e pechar a nome da Fundación contas correntes, de crédito e a prazo fixo en entidades bancarias, dispoñendo contra elas, e podendo, en consecuencia, ingresar e retirar fondos e realizar pagos con cargo ás mesmas de xeito mancomunado, cunha das dúas seguintes sinaturas: do secretario/a do Padroado, ou do director/a económico-financeiro/a da Fundación Cidade da Cultura de Galicia. Malia o caso de ausencia ou vacante do/a director/a-xerente, os pagos realizaranse coas sinaturas do secretario/a do Padroado e do director/a económico-financeiro/a da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

No caso de realizar pagos superiores a un millón de euros, unha das sinaturas deberá ser obrigatoriamente a do secretario/a do Padroado, que poderá ser substituído polo presidente para o caso de ausencia ou vacante do anterior.

4. Outorgar e asinar toda clase de documentos públicos e privados. Retirar e cobrar calquera cantidade ou fondos de calquera organismo público ou privado, asinando ao efecto cartas de pago, recibos, facturas e libramentos.

5. Comparecer ante toda clase de Xulgados e Tribunais de calquera xurisdición e ante toda clase de organismo público en calquera concepto e en toda clase de xuízos e procedementos, incluso arbitrais, interpoñer recursos, incluso de casación, revisión ou nulidade, ratificar escritos e desistir das actuacións, xa directamente ou por medio de avogados e procuradores, aos que poderá conferir os oportunos deberes.

6. Establecer convenios de cooperación ou colaboración con institucións públicas ou privadas.

7. Solicitar subvencións públicas e privadas para o financiamento de actividades fundacionais, e presentar a documentación xustificativa que en cada caso sexa esixida.

8. Actuar en representación da Fundación Cidade da Cultura de Galicia para a obtención, instalación e emprego de certificados raíz e certificados dixitais e a realización de todas as tramitacións oportunas para a súa consecución, así como para cantas xestións sexan necesarias para avanzar na modernización tecnolóxica da Fundación Cidade da Cultura de Galicia.

Este outorgamento de poder recóllese en escritura pública de data 19 de decembro de 2016, formulada ante o notario de Santiago de Compostela Héctor Ramiro Pardo García co número 1.689 do seu protocolo, seguindo vixente na actualidade.

Para que conste, asino electronicamente a presente certificación en Santiago de Compostela, na data da sinatura dixital que figura á marxe.

